

crítica

CONTADELIBROS.

Un crime en Vigo

Cid Cabido presenta a súa última novela, *Unha historia que non vou contar*, que publica Xerais na colección de 'Narrativa'. O propio autor convértese en personaxe para contarnos a pescuda entre xornalística e detectivesca sobre un caso de asasinato no Vigo da década do 1970. A cidade actual e a pasada conviven nun relato que vai moito máis alá da novela negra.



Un científico fai literatura

Klásicos, de Marcelino Fernández Mallo, é a segunda novela do seu autor, un home de ciencias famoso pola divulgación que tamén se atreve coa ficción literaria. Nesta obra constrúe



un *thriller* psicolóxico no que o humor e a crítica social tamén están presentes. O relato está ambientado nas clases altas, especialmente nos fillos dos dirixentes económicos e políticos. Edita Morgante.

Ciencia ficción

Sotelo Blanco publica a novela *Unicrom*, de Rosa Enríquez, unha historia de ciencia ficción que nos leva non só a outro planeta senón a outra dimensión onde os xeitos de pensar, relacionarse e actuar difiren moito das tendencias naturais dos humanos. A autora constrúe un universo propio no que novas criaturas interactúan entre si na procura da felicidade e da supervivencia.●



Luz Pozo e Xabier Quiroga, Premios da Crítica. A Asociación Española de Críticos Literarios vén de recoñecer cos galardóns instituídos para recoñecer os mellores títulos de poesía e narrativa en todas as linguas do Estado, a Luz Pozo Garza por *Detero día cunha flor* e a **Xabier Quiroga** [na foto] por *O cabo do mundo*. O crítico Xosé M. Eyré, encargado de facer públicos os premiados en lingua galega, destacou do poemario o "diálogo artístico entre a poesía de Luz Pozo e os gravados de José Valentín Díaz", e da novela de Quiroga a combinación entre personaxes da vida cotiá e creacións literarias.●



>>> Alternan así, nestas páxinas, a fuxida cara adiante dunha alumna interna de colexio de monxas á que sobrevén unha crise erótico-relixiosa mistizante ("Banda verde") e a morte recendente dun veciño solitario ao que atopan cadáver florido ("O arrecendo"), mais tamén teñen lugar aquí as revelacións de heroicos episodios de infancia ("Falcón"), a impactante vivencia da morte do ditador Xeneral Franco ("A noticia"), a revisitación dun *topos* da literatura de terror como o dos accidentes aparecidos nas curvas de estrada ("Chesterfield"), a escapada do seu fogar para nunca endexamais volver dun individuo ao que a súa familia tentará atopar acudindo a un programa televisivo ("Hostal Península") ou a caída na afectación mental dun personaxe que, instalado nun obsesivo infantilismo, concibe a súa vida como un xogo da oca ("Anser anser").

Todas estas tramas amosan, amais, homenaxes ecoicas a grandes da nosa tradición (seguro que o Bartomeu de Blanco Amor recoñecería familiar seu o protagonista de "O arrecendo" e a estarecedora presenza do Señor Ninguén diesteano tamén foi vivida polos condutores de "Chesterfield") e confirman a mestría do seu autor na escrita recreadora de ambientes envolventes, que dispoñen as fias da acción nunha progresión intensional que estoura con efecto en finais, non por agradables, menos emocionantes.

A luz dos desnortados é un territorio de intersección, un espazo mestizo no que o real e o imaxinario se dan a man, onde o surreal e o empírico non presentan solución de continuidade e todo é posible porque as leis que rexen o relato así o deciden. Á maneira dos grandes do realismo máxico (Rulfo e García Márquez, nomeadamente) e dos modélicos da literatura do abafío e o terror (Poe de cabezaleiro, tamén Kafka, xaora) estas historias adquiren o seu valor

xustamente nese choque de mundos entre o cotián e esperable e o que creba esa lóxica rutinaria. É entón cando comparece a lumieira que guía os que perderon o camiño, os que se decidiron por habitar as marxes, e a nosa percepción da orde establecida se vén abaixo para nos descubrir unha outra realidade que permanecía oculta aos nosos ollos de animais domésticos. Mágoa que Álvarez Cáccamo non retornase á narrativa de ficción nestes últimos anos. Mais, mentres agardamos a que se decida, regresar á lectura deste *A luz dos desnortados* ha ser sempre unha aposta segura.●

Armando Requeixo

”””
Nestas narracións o real e o imaxinario danse a man”

DIDÁCTICA.

O galego e a lóxica

Engalego, por que non?

Autoría: Manuel Núñez Singala.

Edita: Galaxia (93 pp.).

Galaxia ideou no 2009 unha nova colección de textos didácticos pensados tanto para os estudantes de ensino obrigatorio coma para pais e profesores. Son obras enfocadas a ampliar os coñecementos lectivos básicos e propor novas maneiras de achegarse ao coñecemento.

En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega, de Manuel Núñez Singala, opta polo xogo e o enxeño para explicarlles a grandes e pequenos canto hai de falso nos tópicos contra a nosa lingua. O so-



Manuel Núñez Singala.

JESSICA BARCALA / A.G.N.

ciolingüista, que xa no pasado tratara o tema da lingua, en libros como *Comedia bífida*, foxe da ideoloxía para explicar a situación social do galego e as posibilidades comunicativas que ten un idioma que o autor sempre define como "algo noso que non podemos permitirnos o luxo de perder".

Os tópicos ao redor da lingua que desmonta son ben coñecidos: non falo galego porque non o sei falar, porque non o fala ninguén, porque mo impoñen, porque soa mal, porque non o fala todo o mundo e falalo cando alguén non o fala é de mala educación, porque o moderno é falar o inglés... Para combatelos, Núñez Singala proponlle ao lector parar un anaco e cavilar a partir dun conto, un problema matemático ou lóxico.

O fundamental que busca o sociolingüista é conseguir que nos fixemos en que asimila-


mos dogmas sen reparar na súa exactitude, que a todos se nos pode enganar e que a percepción da realidade é o que realmente crea os prexuízos, non a propia realidade.

Cando o escritor quere que entendamos que fai que unhas

linguas "soen mal" e outras ben, alude simplemente ao labor que o cinema fixo durante anos para que as falas "malvadas" fosen o alemán, o ruso e o árabe, "as linguas dos malos das pelis americanas". Para crebar o mito da idoneidade da lingua universal, sexa inglés ou esperanto, Singala recorda que a tendencia natural da fala é a fragmentación. Xa nos tempos do indoeuropeo (do que xorden as familias lingüísticas europeas: eslavo, xermano, latín...) de Roma (que derivou en francés, italiano, galego, romanés...) e incluso do español ou o inglés. Como ben recorda o autor, os

”””
Oacerto do libro é optar por un discurso lóxico, positivo e moderno para defender a tradición da lingua galega”

Camilo Nogueira gaña o Pedrón de Ouro 2010. O padroado da Fundación Pedrón de Ouro vén de recoñecer a “exemplar traxectoria” de Camilo Nogueira co galardón Pedrón de Ouro, destacando o seu aspecto máis “comprometido”, e de outorgar o seu premio de honra ao sociólogo e escritor Fermín Bouza pola “defensa irredutíbel da lingua galega”. Durante a Transición, Camilo Nogueira colaborou na redacción das bases constitucionais para un Pacto Federal do Consello de Forzas Políticas e foi membro da Comisión dos 16 creada para redactar o primeiro Proxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. Entre 1981 e 1993 foi deputado do Parlamento galego por Esquerda Galega e entre 1997 e 1999 polo BNG, a quen representou no Parlamento Europeo. É autor ademais dunha abundante obra ensaística, na que destacan temas relacionados coa economía e a industrialización de Galiza e sobre o movemento nacionalista.●



PACO VILABARRIOS

sistemas operativos informáticos dan a escoller español de Honduras ou de Paraguai e inglés de Australia ou dos EE UU.

O acerto do libro de Núñez Singala é vincular cada preconcepto co reverso desa imaxe e optar por un discurso lóxico, positivo e moderno para defender a pervivencia da tradición da lingua galega. O texto é accesíbel pero non infantil. Moi polo contrario, non tenta facerlles “papa” dos conceptos para os cativos e moitos adultos caen nos xogos tramposos que propón en cada preconcepto.

Tamén é destacábel que o escritor fose capaz de vincular os preconceptos entre si. Lendo este libro un pode chegar a comprender que formamos o noso xeito de ver as cousas a través de pequenos sobrentendidos que moitas veces son consecuencia da ignorancia, do medo a pensar distinto, da falta de crítica e autocrítica. É coma se o imperio da razón, que parecía reinar desde hai tres séculos, aínda estivese por desenvolver.●

C. Lorenzo



Escena de Colgados.

TEATRO.

Parábola da redención imposible

Colgados

de Gustavo Pernas Cora

Compañía: Ancora Producións.

Dirección: Ánxela G. Abalo.

Elenco: Gustavo Pernas Cora.

Poderíase afirmar, sen medo a esaxerar moito, que o monólogo é un xénero literario que ten a súa orixe na crise económica. Asediadas polas cada vez máis grandes dificultades monetarias para poñer en pé espectáculos de maior ambi-

ción escénica, as compañías deben refuxiarse nas montaxes que reducen o elenco ao mínimo necesario. E iso esperta o enxeño e a vontade de reflexión. Neste caso, Gustavo Pernas volve a mirada cara ás condicións que provocan aquela crise e as consecuencias que ten nas persoas que a sofren. Comezando polos propios profesionais da escena.

O monólogo é mais relato que reflexión, máis externo que íntimo. Foxe do televisivo e emprega a parábola e o humor como armas para enfrontarse a unha situación ridícula: a dos que se ven obrigados a buscar un oficio cando case non quedan oficios que

exercer. O protagonista da historia é Homesoga, un personaxe que se ofrece para colgarse polos demais, un “colgado profesional” que se aforca en lugar dos outros. Un home, en definitiva, que carga coa desesperación dos demais e que, xa que logo, defende a súa dignidade de servidor público. Todos apelamos a algunha clase de dignidade cando non nos queda outra cousa que reter. Homesoga, obviamente, ten algo de figura redentora, pero a súa desesperación vén sendo tan opresiva coma a dos seus clientes. Hai unha ironía que desmitifica esa presunta idea de salvación a través do sacrificio, especialmente po-

la excentricidade de considerar que é posíbel algunha defensa do benestar que non atenda ás situacións desesperadas. A solemnidade e a mágoa substitúense polo sarcasmo e a sospeita da inmoralidade dunha sociedade que permite que tanta xente quede “colgada” vai abríndose paso entre as chanzas e os xogos de palabras. O ton de comedia desenvólvese no interior dun mundo tráxico, de xeito que a abnegación do protagonista acaba convertida nunha frivolidade, nun espectáculo circense que el asume coa resignación de quen coñece a natureza dramática do ser humano. Talvez unha metáfora do teatro mesmo.

A obra padece o impeitizo da parsimonia. Tarda en entrar en materia e impacienta os espectadores, que só despois dun intervalo de tempo considerábel se ven concernidos polo que ocorre nas táboas. Por ese lado, o espectáculo perde efectividade, aínda que o relato mereza máis atención da que suscita neses momentos iniciais. A partir de aí, Gustavo Pernas vai debullando os recordos do personaxe facendo gala dun humor pouco habitual nos nosos escenarios: moi dependente dos dúbios sentidos e das referencias requintadas. As suturas non sempre están ben conseguidas, e alternan os momentos de fatiga, as escenas con mordente e os logros dunha boa liña histriónica.

A dramaturxia perfila un escenario simple, con poucos movementos, que procura a atmosfera dos vellos e pobres –non podía ser doutro xeito– espectáculos de feirantes, cunha iluminación mal empregada. O público, que nun principio se mantén tenso, consegue franquear as distancias e aplaude a loábel –e non moi frecuente– intención de dixerir o que nos está pasando dende que penduramos da corda da recesión.●

Manuel Xestoso

A TORRE DA MEMORIA

Xabier López López

Xa o din os neurólogos, os psicólogos, os psiquiatras e todos aqueles que por unha ou outra razón adoitan ocuparse do funcionamento dese inquilino con aspecto de noz que temos gardadiño no cranio: a nosa identidade individual, ese ben tan prezado, non é baixo ningún dos conceptos ningunha reliquia inalterable á que debemos, como moito, quitarlle brillo de cando en vez para que luza máis aqueladiña. Para desgusto de quen queira ver unha sorte de núcleo duro do “eu” nalgún sitio –e talvez para substituír ou complementar o concepto de alma– o ego está construído sobre as lembranzas e estas, ao tempo, sobre un continuo e incesante proceso de reconstrución. Polo visto, é coma se nos vísemos na obriga de sentar na alfombra e construír, con todas esas pezas de cores que nos chegan á man, unha e outra e outra volta unha torre que se esboroa ao que a cremos culminada. De aí que, poñamos por caso, as explicacións máis gráficas dos problemas de memoria dun doente de Alzheimer son a que nolo sitúan na incapacidade de rematar a súa torre porque comezan a faltarlle as pezas precisas: aborda o quefacer sen demasiados atrancos, poñendo un sobre outro recordos de hai unha chea de anos, pero chega un momento no que non atopa a peza na que encaixar o que sucede mesmo hai unhas poucas horas. E se isto é así falando de individuos, que podemos dicir das sociedades! A memoria colectiva –parte á súa vez da do individuo– ou participa dese mesmo proceso de reconstrución ou é calquera cousa menos memoria. Coido que, a estas alturas do conto, non hai necesidade ningunha de ser máis explícito. Que quede aquí, no entanto, o apuntamento.●

Amemoria colectiva ou ten un proceso de reconstrución ou non é memoria”

